

## SUPOSTO 2

Con data 27.11.2016 a Policía Local realizou, por denuncia previa dun veciño, medición sonométrica entre as 02.10 e as 02.40 horas, no dormitorio do domicilio, localizándose o foco do ruído no establecemento XXXX, sito na rúa Camelias, 107, denominado XXXX, superando en 15,23 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

Con data 03.12.2016 realízase medición sonométrica entre as 16.15 e as 16.45 horas no dormitorio do mesmo domicilio, co mesmo foco emisor do ruído, o establecemento sito na rúa Camelias, 107, superando en 0,4 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións. Recibidos os partes de medicións de ruídos polo Departamento de Medio Ambiente, este con data 15.12.2016 solicita á Oficina de Licenzas de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo informe sobre se o establecemento sito na rúa Camelias 107 conta ou non coa preceptiva licenza municipal de actividades. Con data 16.01.2017 a Oficina de Licenzas informa de que o local referido conta con licenza de actividade para BAR SEN MÚSICA e que o titular da licenza e Don Mariano Álvarez Pérez.

Á vista das actuacións previas realizadas de oficio polos servizos municipais, con data 27.02.2017, a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, acordou por Decreto a incoación do procedemento sancionador contra D. Mariano Álvarez Pérez, titular da licenza municipal da actividade CAFÉ BAR SEN MÚSICA, no local sito na rúa Camelias, 107, denominado XXXX, pola posible comisión dunha infracción administrativa moi grave en materia de protección contra a contaminación acústica, que pode levar aparelhada a sanción de multa de 9015,19 a 60.101,21 euros, clausura temporal ou paralización da actividade. O acordo de inicio do procedemento foi notificado ao interesado en data 09.03.2017.

Con data 17.03.2017, o interesado presenta escrito de alegacións fundamentado en: a) alega que no seu local non existe equipa de música que teña potencia suficiente para causar o ruído; b) que cumpre coa licenza de actividade de bar sen música; c) impugna os partes de medición de ruídos porque non consta a data de contrastación do sonómetro; d) considera a tipificación da falta como moi grave de desproporcionada. Alegacións que quedan desvirtuadas polos partes de servizo da Policía Local que acreditan de forma inequívoca a fonte do ruído, certificado de verificación periódica do sonómetro e calibrador e outra documentación que obra no expediente.

Con data 14.04.2017 notificaselle ao interesado proposta de resolución, desestimando as súas alegacións e propoñendo a imposición dunha sanción de multa de 9.015,19 euros pola comisión dunha infracción administrativa moi grave en materia de protección contra a contaminación acústica segundo o artigo 41 a) da Ordenanza Municipal, abrindose o trámite de audiencia ao interesado.

TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL - RAMA XURÍDICA  
PROMOCIÓN INTERNA- SEGUNDO EJERCICIO.

- SUPOSTO 2

- 1) Cal debe ser o contido mínimo da resolución de inicio do procedemento sancionar e o réxime xurídico aplicable? (0,5)
- 2) É obrigado abrir un período de proba? Pode o órgano instructor denegar a práctica de proba, se fose solicitada polo interesado? Argumente xuridicamente a súa resposta. (0,5)
- 3) Cabe algunha forma de terminación do procedemento antes da resolución? Se é o caso, indique cal ou cales e os requisitos que deben concorrer. (0,5)
- 4) Indique o réxime de recursos contra a resolución definitiva do procedemento sancionador. (0,5)
- 5) Redacte, como instructor/a, a proposta de resolución do procedemento sancionador. Non é necesario recoller os antecedentes, tan só os fundamentos técnicos e xurídicos e a proposta resolución. (3).

### **SUPOSTO 3**

D. Salustiano Álvarez Rodríguez presenta con data 19 de decembro de 2017 no rexistro xeral do Concello de Vigo unha reclamación patrimonial polos danos sufridos o 24 de setembro do mesmo ano, como consecuencia dun accidente coa súa bicicleta cando a roda se introduciu nun bache existente na rúa polo presunto mal mantemento dunha tapa de rexistro de saneamento, provocando a súa caída o que lle ocasionou graves lesións corporais e danos materiais. Reclama en concepto de danos persoais e materias a cantidade de 62.125,62 euros e aporta numerosa proba documental (certificados médicos, informe perito médico, informe secuelas, facturas, etc.) e propón proba de varias testemuñas do accidente. Consta no expediente atestado policial corroborando as circunstancias do accidente.

A empresa XXXXX é a concesionaria do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo e responsable, polo tanto, segundo o contrato da conservación da infraestrutura adscrita ao servizo, que velará polo seu correcto funcionamento e tomará as medidas oportunas para que sempre se atope nas debidas condicións de uso. Segundo o prego de condicións da concesión correspóndelle a responsabilidade do funcionamento, mantemento e conservación das obras e instalacións afectas ao servizo obxecto do contrato.

Probos: atestado policial, testemuñas, periciais médicas, informe valoración danos e secuelas, etc.

TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL - RAMA XURÍDICA  
PROMOCIÓN INTERNA- SEGUNDO EXERCICIO.

- SUPOSTO 3

- 1) Indíquese cales son os requisitos xerais imprescindibles para que a acción de responsabilidade prematrimonial poda prosperar. (0,5)
- 2) Dada a contía da indemnización que se reclama, indique que trámite resulta necesario neste caso. En que momento terá que evacuarse o dito trámite? Características e natureza do mesmo.(0,5)
- 3) Que consecuencias, a efectos da responsabilidade patrimonial reclamada, ten que o servizo público en cuestión estea desenvolvido por unha empresa concesionaria? (0,5)
- 4) Debería ter reclamado o interesado directamente diante da empresa concesionaria presuntamente responsable?.(0,5)
- 5) Elabore un informe con proposta de resolución ao órgano competente, cos fundamentos técnico e xurídicos que estime oportuno. Non é necesario reproducir os antecedentes (3)